



SI

Os autónomos TIC de Galicia.
Edición 2013

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	6
3. Caracterización dos autónomos/as TIC galegos	7
4. Equipamento e uso das tecnoloxías na actividade dos autónomos/as TIC	14
5. Conclusións	41

1. INTRODUCCIÓN



Este estudo foi realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

Trátase do **primeiro estudo específico** realizado en Galicia entre os autónomos/as TIC galegos.

O estudo permite comparar a situación dos autónomos/as TIC galegos co resto de formas societarias TIC e coa media global dos indicadores das empresas do sector TIC.


OBXECTIVOS DO ESTUDO

- Caracterización dos autónomos/as TIC galegos: actividade, provincia de ubicación, sexo do traballador/a,...
- Analizar en detalle información cuantitativa dos autónomos/as TIC galegos relacionada coas seguintes cuestións:
 - Conexión a Internet de calidade
 - Optimización da xestión empresarial a través das TIC
 - Web e presenza nas redes sociais
 - Interacción coas AA.PP. a través de Internet
 - Comercio electrónico
 - Innovación
 - Formación e percepción do mercado
- Ser un punto de partida para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as TIC.

2. METODOLOGÍA



Sector TIC. Estrutura



Fontes de información

- Enquisa ás empresas TIC de Galicia. Edición 2013, realizada polo OSIMGA.
- Contas de afiliación e de cotización subministradas polo IGE, partindo da información procedente da Seguridade Social

Nota: Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e outros servizos TIC (Publicacións TIC -58.21 e 58.29- e reparación de ordenadores -95.11, 95.12-).

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS TIC GALEGOS




Segundo o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, “autónomos/as son traballadores/as afiliados a algún dos rexímenes por conta propia da Seguridade Social, e que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias”.

En Galicia, existen 3.346 autónomos/as adicados ao sector TIC.


Os autónomos/as TIC representan o 22,1% do total de traballadores/as deste sector, manténdose esta porcentaxe en valores semellantes a anos anteriores.

Os autónomos/as TIC representan o 2,3% do total de autónomos/as de Galicia que ascenden a 143.168.

TRABALLADORES / AS TIC SEGUNDO RÉXIME EVOLUCIÓN




Fonte: elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Fonte: elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, porcedentes da Seguridade Social.

As dúas provincias que concentran a maior presenza de autónomos/as adicados ás TIC no ano 2013 en Galicia seguen a ser A Coruña e Pontevedra, cun 42,5% e un 36,9% respectivamente. En Ourense a porcentaxe de autónomos/as deste sector supón un 12,1%, e en Lugo é do 8,4%.

**AUTÓNOMOS/AS TIC SEGUNDO SEXO
EVOLUCIÓN. Valores absolutos**



**AUTÓNOMOS/AS TIC SEGUNDO SEXO
EVOLUCIÓN. Porcentaxes**




Fonte: elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, porcedentes da Seguridade Social.

As cifras amosan que persiste a fenda de xénero, e incluso se incrementa lixeiramente este último ano, posto que as mulleres representan o 29% dos autónomos/as TIC.

Por actividade, a maior porcentaxe de autónomos/as está adicado á reparación de ordenadores e publicacións TIC (60,4%). En segundo lugar, sitúanse as actividades informáticas, portais web e procesamento de datos, cun 28,3%. As actividades comerciais TIC empregan ao 7,5% dos autónomos TIC e as de telecomunicacións ao 3,1%.

En termos xerais, obsérvase un incremento dos autónomos/as TIC que se adican a actividades comerciais ou actividades informáticas, portais web e procesamento de datos.



Fonte: elaboración propia do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, porcedentes da Seguridade Social.

TITULACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS TIC	%
Titulación TIC superior (Enseñaría en Informática ou Telecomunicacións , Física ou similar)	12,4
Titulación TIC Media (Enseñaría técnica en Informática ou similar)	13,4
Titulacións superiores ou medias non TIC	4,1
Ciclos formativos superiores ou FP II no ámbito TIC	25,8
Ciclos formativos medios ou FP I no ámbito TIC	5,2
Outras	25,8
Non sabe / non contesta	13,4

Fonte: OSIMGA

Máis da metade (56,8%) dos traballadores/as autónomos relacionados coas TIC teñen titulación ou ciclos formativos específicos en novas tecnoloxías.

Un de cada catro autónomos TIC ten titulación TIC (25,8%) e un 31% cursou un ciclo formativo superior ou medio no ámbito das TIC.

4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS/AS



4.1 CONEXIÓN A INTERNET DE CALIDADE


O 100% dos autónomos galegos TIC dispón de conexión a Internet, principalmente ADSL, para a súa actividade profesional.

A totalidade das empresas que desenvolven a súa actividade no sector das tecnoloxías da información posúe conexión a Internet, tanto no caso das sociedades como dos autónomos/as.

Entre todas as tecnoloxías de acceso, a máis estendida é o ADSL, especialmente entre o colectivo de autónomos/as: o 63,9% deles/as fronte ao 55,1% das sociedades TIC optan por esta tecnoloxía de acceso.


Esta tendencia invírtese nos casos do cable, banda larga móbil e fibra óptica. Nestes tipos de tecnoloxía, as porcentaxes que rexistran os autónomos/as TIC están ao redor de 10 puntos por baixo das porcentaxes das sociedades TIC.

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA

VELOCIDADE SEGUNDO A CONDICIÓX XURÍDICA




Fonte: OSIMGA

A banda larga está practicamente estendida á totalidade de empresas TIC, tanto entre os autónomos/as coma entre as sociedades.

En canto á velocidade de conexión, máis da metade dos autónomos/as TIC contrataron velocidades de entre 10 e 30 Mbps. Non obstante, os autónomos/as TIC optan en menor medida que as sociedades polos tramos de velocidade superior a 30 Mbps.




BANDA LARGA SEGUNDO A CONDICIÓX XURÍDICA



Analizando os servizos máis empregados a través de Internet, os autónomos/as TIC destacan pola procura de información en xeral (97%). Tamén é importante o uso de Internet para o acceso aos servizos bancarios e financeiros (83,8%) e atopamos un lugar destacado para a formación e aprendizaxe cun 64,6%.



SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA


Os equipamentos en TIC máis estendidos entre os autónomos/as son:

a Rede de Área local (LAN), as redes de área local sen fíos e a telefonía móbil para uso empresarial con porcentaxes superiores ao 70%.



Un 37,4% dos autónomos/as TIC empregan sistemas operativos de código aberto, presentando unha ampla marxe de mellora ata equipararse coas Sociedades TIC.


EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



A sinatura dixital é outro recurso TIC que repercute positivamente na optimización da xestión empresarial. Non obstante, a súa implantación no caso dos autónomos/as, é moi reducida comparativamente coas sociedades TIC.

A sinatura dixital emprégase nos autónomos/as nun 27,6% dos casos, case a metade que nas sociedades adicadas ás TIC.

SINATURA DIXITAL SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA




Fonte: OSIMGA




Non se observan diferenzas significativas entre os autónomos/as TIC galegos e as sociedades no uso da sinatura dixital, sendo o seu emprego maioritario para relacionarse coas Administracións públicas.

EMPREGO DA SINATURA DIXITAL SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas TIC que usaron a sinatura dixital



EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA




En xeral, as aplicacións informáticas para a xestión empresarial teñen unha menor implantación entre os autónomos/as TIC con porcentaxes moi inferiores ás sociedades, que mesmo acada os 22 puntos de diferenza no caso da xestión administrativa de compras e vendas.

As solucións informáticas referidas á xestión que máis empregan os autónomos/as TIC galegos son as referidas á xestión contable e financeira (59,6%) xunto coas de clientes e provedores (59%) e as de xestión administrativa de vendas e compras (53,5%). As relacionadas coa xestión de produción (23,2%) ou de loxística (21,2%) non teñen tanta implantación entre os autónomos/as TIC.

As cifras amosan unha maior implantación da factura electrónica nas sociedades que nos autónomos/as TIC, existindo 14 puntos de diferenza entre os dous colectivos na recepción e 11,1 puntos no envío de facturas electrónicas.

Un 30,3% dos autónomos/as TIC galegos recibe facturas electrónicas e un 19,4% emíteas.

ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA




Tanto as ferramentas ERP (Enterprise Resource Planning) como o CRM (Customer Relation Management) son escasamente empregadas polos autónomos/as TIC galegos.

A ferramenta ERP permite que un usuario comparta información sobre compras ou vendas con outras áreas funcionais da organización, mentres que a CRM aplícase para a xestión de clientes .

Ambas as dúas solucións informáticas presentan aínda pouco impacto entre os autónomos/as galegos adicados as TIC, estando ambas as dúas a máis de 20 puntos porcentuais por baixo do grao de utilización das sociedades TIC.

DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA




Fonte: OSIMGA

O Cloud Computing perfílase coma unha tendencia tecnolóxica que se estende entre as empresas TIC. A pesar da súa relativa novidade na xestión empresarial, cabe salientar que un 26,3% dos autónomos/as TIC galegos xa optaron pola xestión da información na Nube. Ademais, a diferenza doutras solucións informáticas, a súa implantación entre os autónomos/as non está tan alonxada da acadada polas sociedades TIC.


A principal modalidade de uso do Cloud Computing é o software (66,4%) aínda que destaca a importancia da plataforma de Cloud como servizo ofertado, cunha porcentaxe de uso entre os autónomos/as TIC superior á das sociedades TIC.

EMPREGO DE SERVICIOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA


MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD EMPREGADO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud



O 14,3% dos autónomos e autónomas TIC galegos realizou intercambio automatizado de datos.



REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO
CONDICIÓN JURÍDICA



Fonte: OSIMGA

Destaca novamente a fenda existente respecto das empresas societarias, onde realizaron intercambio automatizado de datos no 41% dos casos.

Para os autónomos/as adicados ás TIC, a principal finalidade de intercambio de datos é o envío ou recepción de información sobre os seus produtos e o envío de instrucións de pago a entidades bancarias.

4.3. WEB E PRESENZA NAS REDES SOCIAIS


Os autónomos/as TIC de Galicia. Edición 2013



Só o 44,4% dos autónomos/as TIC galegos ten páxina web, valor moi inferior ao das sociedades TIC.

As razóns principais para non dispoñer de presenza na web, segundo os propios enquisados/as son a falta de demanda derivada do tipo de actividade da empresa e a falta de recursos para crear e manter a páxina web.


DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA

RAZÓNS PARA NON DISPOÑER DE PÁXINA WEB SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA


Base: empresas sen conexión a Internet



As redes sociais desvélanse como unha ferramenta de importancia crecente nas empresas actuais. Aínda que, entre os autónomos/as TIC galegos, a súa presenza nas redes sociais é inferior ás sociedades (un 17,2% fronte a un 33,9%), obsérvase unha maior predisposición a incorporarse ás redes sociais nun futuro próximo.

Isto pon de manifesto que os autónomos/as TIC perciben as vantaxes das redes sociais para captar novos clientes e realizar accións de marketing.

PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA




Fonte: OSIMGA

A predisposición ao uso futuro das redes sociais entre quen non as utilizan é 5,8 puntos porcentuais maior nos autónomos/as TIC que nas sociedades.

PREVISIÓN DE INCORPORARSE ÁS REDES SOCIAIS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA


Base: empresas TIC que non teñen presenza nas redes sociais



Fonte: OSIMGA

FINALIDADE DE USO DAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas TIC que teñen presenza nas redes sociais




As principais finalidades de uso das redes sociais entre os autónomos/as TIC son a captación de novos clientes (74,6%) xunto coa de comunicarse e coñecer as opinións dos clientes habituais (74,6%), mesmo superando a porcentaxe media das empresas TIC.



4.4 INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET

INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET




Fonte: OSIMGA

Máis da metade dos autónomos/as TIC galegos (51,5%) interacciona coas Administracións Públicas a través de Internet.

Aínda que este aspecto amosa un dato positivo da penetración de novas tecnoloxías entre os autónomos/as TIC galegos, segue estando por baixo das sociedades en 22,7 puntos porcentuais.



TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET




As interaccións coas AA.PP. máis frecuentes a través da Rede para os autónomos/as TIC son a procura ou obtención de información e a obtención de impresos (40,4% e 39,4% respectivamente).

Fonte: OSIMGA

4.5. COMERCIO ELECTRÓNICO

COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA


Dous de cada tres autónomos/as TIC galegos empregaron Internet para a compra de bens ou servizos. Só un 13,7% empregou a Rede para realizar vendas.

O uso do comercio electrónico entre os autónomos/as TIC galegos está focalizado, preferentemente, nas compras a través de Internet, necesitando realizar un forte impulso na comercialización dos seus produtos.



RAZÓNS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Base: empresas que non venderon a través do comercio electrónico



A metade dos autónomos/as TIC galegos non venden a través de Internet porque consideran que os seus produtos non son axeitados para a venda a través de Internet, sendo minoritarias as outras barreiras.

Para superar este obstáculo, correspondería realizar unha análise de mercado que permita superar esa percepción de que os produtos non son axeitados para a súa venda a través da Rede.




A principal motivación para que os autónomos/as TIC fagan uso do comercio electrónico a través da Rede é a captación de novos clientes (55,3%).

En menor medida atópanse outras razóns como a aceleración do proceso de negocio ou a prestación de servizos persoalizados ao cliente (45,4%).

En xeral, as motivacións que impulsan aos autónomos/as TIC a realizar vendas a través de Internet son semellantes ao resto de empresas TIC.

MOTIVACIÓNS PARA VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Base: empresas que venderon a través do comercio electrónico




Fonte: OSIMGA

4.6. Innovación

Un 16,3% de autónomos/as TIC desenvolveron algún tipo de actividade I+D+i nos tres últimos anos.



EMPRESAS DO SECTOR TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES DE I+D+i NOS TRES ÚLTIMOS ANOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



A diferenza coas formas societarias resulta salientable: Fronte ao 34,2% das sociedades que desenvolveron actividades de I+D+i nos últimos tres anos, a porcentaxe redúcese á metade no caso dos autónomos/as TIC, posiblemente debido á súa limitada capacidade para desenvolver proxectos de I+D+i.

INNOVACIÓN


Os autónomos/as TIC galegos/as presentan maior capacidade de innovación nos seus bens e servizos que de abordar proxectos de I+D+i.

Un 21,2% dos autónomos/as TIC galegos innovou en bens novos e un 15,2% apostou pola innovación dos servizos.

Entre as innovacións introducidas, máis da metade (58,3%) foron dirixidas cara á propia empresa, e soamente un terzo foron novidade para o seu mercado.


Os bens ou servizos nos que máis innovaron os autónomos/as TIC foron as actividades de apoio para os seus procesos, xunto cos sistemas de xestión dos coñecementos.


INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVICIOS NOVOS OU MELLORADOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA




NOVIDADE DAS INNOVACIÓNS INTRODUCIDAS NOS TRES ÚLTIMOS ANOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas TIC que introduciron na súa empresa bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa nos tres últimos anos





Fonte: OSIMGA



Un 13,1% dos autónomos/as TIC galegos cooperou con outras compañías ou entidades para desenvolver actividades de innovación.



Obsérvase unha escasa implantación da certificación de calidade entre os autónomos/as TIC.

4.7. FORMACIÓN E PERCEPCIÓN DO MERCADO




Un 19,2% dos autónomos e autónomas TIC galegos proporcionaron formación en tecnoloxías aos seus empregados/as


Un 45,4% dos autónomos/as TIC galegos está interesado en formarse en TIC, aínda que a maioría non pode especificar o prazo para facelo.

Os autónomos/as TIC de Galicia. Edición 2013

EMPRESAS TIC QUE FACILITARON FORMACIÓN EN TECNOLOXÍAS SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA




INTERESE EN FACILITAR FORMACIÓN EN TIC AOS TRABALLADORES / AS SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA



Fonte: OSIMGA

ÁREAS DE FORMACIÓN TIC DE INTERESE SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC




Obsérvase interese entre os autónomos/as TIC galegos en formarse en bases de datos, infraestruturas TIC como servidores ou almacenamento, seguridade informática e protección de datos, e Administración de sistemas e sistemas operativos.

Tamén hai unha incipiente interese polas novas tecnoloxías como o Cloud e os modelos de negocio baseados en Cloud Computing.



O 47,5% dos autónomos e autónomas galegos adicados ás TIC considera que a súa empresa atópase nunha situación de consolidación.

Esta percepción é máis optimista que a do resto de formas societarias TIC.




Fonte: OSIMGA

Ao redor do 45% dos autónomos/as TIC galegos considera que o sector atravesará unha situación expansiva ou de estabilidade nos próximos tres anos, unha percepción semellante ao do resto de empresas TIC.


TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

TOTAL EMPRESAS TIC




Fonte: OSIMGA

AUTÓNOMOS TIC



SOCIEDADES TIC



5 CONCLUSIONES



- **Caracterización: 3.346 autónomos/as adicados ao sector TIC en Galicia.**
 - Os autónomos/as TIC representan o 22,1% do total de traballadores/as deste sector, porcentaxe semellante a anos anteriores.
 - As dúas provincias que concentran a maior presenza de autónomos/as TIC seguen a ser A Coruña (42,5%) e Pontevedra (36,9%).
 - Incremento dos autónomos/as TIC que se adican a actividades comerciais ou actividades informáticas, portais web e procesamento de datos.
 - Persiste a fenda de xénero: as mulleres só representan o 29% dos autónomos/as TIC
- **Contratación de Internet: Preferencia polo ADSL e polas velocidades de entre 10 e 30 Mbps.**
 - O 63,9% dos autónomos/as TIC optan polo ADSL e máis da metade (54,5%) contratou velocidades de entre 10 e 30 Mbps.
 - Os autónomos/as TIC optan en menor medida que as sociedades pola banda larga móbil (12,5 puntos por baixo das sociedades TIC).
- **Necesidade de optimizar a xestión empresarial a través das TIC**
 - As aplicacións informáticas para a xestión empresarial teñen unha menor implantación entre os autónomos/as TIC, con porcentaxes moi inferiores ás sociedades, con máis de 20 puntos de diferenza no caso da sinatura dixital e na xestión administrativa de compras e vendas e a máis de 10 puntos no caso do envío da factura electrónica .
- **O Cloud Computing: tendencia tecnolóxica que se estende entre os autónomos/as TIC.**
 - A pesar da súa relativa novidade, un 26,3% dos autónomos/as TIC galegos xa optaron pola xestión da información na Nube. A diferenza doutras solucións informáticas, a súa implantación non está tan alonxada da acadada polas sociedades TIC (34,7%).
- **Escasa dispoñibilidade de web e maior predisposición ao uso das redes sociais**
 - Só o 44,4% dos autónomos/as TIC galegos ten páxina web, valor moi inferior ao das sociedades TIC (83%). As razóns principais para non dispoñer de web son: a percepción da falta de demanda derivada do tipo de actividade e a falta de recursos para creala e mantela.
 - As redes sociais desvélanse como unha ferramenta de importancia crecente nas empresas actuais. Aínda que, entre os autónomos/as TIC galegos, a súa presenza nas redes sociais é inferior ás sociedades (un 17,2% fronte a un 33,9%), a predisposición ao uso futuro das redes

sociais é 5,8 puntos porcentuais maior nos autónomos/as TIC que nas sociedades. Isto pon de manifesto que os autónomos/as TIC perciben as vantaxes das redes sociais para captar novos clientes e realizar accións de marketing.

■ Comercio electrónico: Necesidade dun forte impulso na comercialización dos seus produtos

- O uso do comercio electrónico entre os autónomos/as TIC galegos está focalizado nas compras a través de Internet. Dous de cada tres autónomos/as TIC galegos empregaron Internet para a compra de bens ou servizos e só un 13,7% empregou a Rede para realizar vendas.
- A metade dos autónomos/as TIC galegos non venden a través de Internet porque consideran que os seus produtos non son axeitados para a venda a través da Rede.

■ Innovación: Os autónomos/as TIC galegos presentan maior capacidade de innovación que de abordar proxectos de I+D+i.

- Un 21,2% dos autónomos/as TIC galegos innovou en novos bens e un 15,2% apostou pola innovación dos seus servizos, mentres que só un 16,3% desenvolveu proxectos de I+D+i nos tres últimos anos.

■ Interese pola formación entre os autónomos/as TIC galegos

- Un 45,4% dos autónomos/as TIC galegos está interesado en formarse en TIC.
- Manifestan interese en formarse bases de datos, infraestruturas TIC como servidores ou almacenamento, seguridade informática e protección de datos, e Administración de sistemas e sistemas operativos. Tamén se observa un incipiente interese por formarse en modelos de negocio baseados en Cloud Computing.

■ Percepción do mercado TIC

- O 47,5% dos autónomos/as galegos adicados ás TIC considera que a súa empresa se atopa nunha situación de consolidación e ao redor do 45% estima que o sector atravesará unha situación expansiva ou de estabilidade nos próximos tres anos.

